



Biblioteca universitaria

MEMORIA 2013



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Biblioteca universitaria MEMORIA 2013

Aprobada pola Comisión da BUSC o 18 de marzo de 2015



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA



Colexio de Fonseca
Rúa do Franco, s/n
15782 Santiago de Compostela

-  +34 881 811 087
-  bxsec@usc.es
-  www.usc.es/gl/servizos/biblioteca

Campus na nube

Índice

Índice	5
Presentación	7
Presuposto.....	9
Persoal.....	13
Instalacíons e equipamento.....	17
Desenvolvemento das coleccións.....	19
Base de datos bibliográfica e procesos	25
Servizos	29
Redes, cooperación e proxección exterior	43
Anexos.....	47
Anexo I	47
Anexo II:	63
Anexo III:	85



Presentación

Nesta presentación imos salientar os datos mais relevantes da actividade desenvolvida na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela durante o ano 2013. Como ven sendo habitual, ofrécense os datos estatísticos da BUSC de xeito pormenorizado no Anexos.

En 2013, debido a prórroga do orzamento establecida mediante Resolución Reitoral de 30 de decembro de 2012, a BUSC mantivo as mesmas cantidades que no ano anterior. No apartado **Presuposto** pódense analizar en detalle estes datos, así como as cantidades procedentes de ingresos por servizos e achegas de centros e departamentos, empregados en adquisicións bibliográficas, equipamento e mantemento das diferentes bibliotecas.

No que atinxe a espazos e equipamento, e coas restricións orzamentarias dos últimos anos, son escasas as accións levadas a cabo, case todas elas de mantemento.

No apartado dedicado ao **Desenvolvemento das coleccións**, salientamos que se produce un incremento nos ingresos de monografías e revistas como consecuencia das adquisicións pola vía das doazóns e os intercambios de publicacións. Igualmente pódense consultar baixo este epígrafe as incorporacións destacadas ao fondo da BUSC e un repaso pola colección accesible a través do Consorcio BuGalicia.

As cifras e feitos más salientables dos traballos relacionados co Catálogo da BUSC están relatados no apartado **Base de datos bibliográfica e procesos**.

No apartado referido aos **Servizos**, atópase unha ampla información relativa ao uso de recursos electrónicos propios e consorciados. Igualmente dáse conta nos avances no proxecto de Repositorio Institucional Minerva, dos datos relativos ao servizo de préstamo a domicilio, fotodocumentación e préstamo interbibliotecario e a ampliación do alcance da formación de usuarios. Finalmente repásase a posta en marcha do novo catálogo web da BUSC e a presenza da Biblioteca nas redes sociais.

No apartado **Redes, cooperación e proxección exterior** ofrécense detalles das distintas participacións da BUSC en proxectos internos e externos á propia universidade, nomeadamente a participación en BuGalicia e REBIUN.



Presuposto

O presupuesto da Biblioteca para o ano 2013 ascendeu a 2.353.000 €, a mesma cantidade que en 2011 e 2012, debido a prórroga do orzamento establecida mediante Resolución Reitoral de 28 de decembro de 2012. Ás cantidades destinadas a Bibliotecas non se lles aplicaron porcentaxes de retención. No cadro seguinte amósase desglosado por aplicacións:

Presupuesto da BUSC 2013		
Capítulo 2	Biblioteca Xeral. Reparación e mantemento mobiliario e equipamento	61.200 €
	Bibliotecas. Gastos correntes	84.000 €
	Biblioteca Intercentros Campus de Lugo. Gastos correntes	1.400 €
	Biblioteca Concepción Arenal. Gastos correntes	2.400 €
	Biblioteca: Acceso Revistas electrónicas	1.285.000 €
Capítulo 6	Bibliotecas. Equipamento	19.000 €
	Bibliotecas. Adquisición libros	300.000 €
	Bibliotecas. Adquisicións publicacións periódicas	600.000 €
TOTAL		2.353.000 €


Os créditos para a adquisición de libros, revistas e outras publicacións que ata o exercicio 2012 se viñan adquirindo polo concepto "627", a partir do exercicio 2013 se adquieren polo concepto 220 en aplicación da regra 9ª do modelo CANOA (contabilidade analítica normalizada para organismos autónomos) que establece que estas adquisicións deben ser "consideradas como custo do curso académico e período orzamentario en que se produzan".

Os créditos asignados víronse incrementados mediante os ingresos procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario que ascenderon en 2014 a 27.267,46 €.

ADQUISICIÓN BIBLIOGRÁFICAS

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presupuesto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos dez anos.





O custo das publicacións periódicas en 2013 foi de **1.912.855,48 €**, cantidade na que se inclúe a achega aportada ao Consorcio Bugalicia para a contratación conjunta de recursos electrónicos.

10

Publicacións periódicas Presupuesto centralizado	627.855,48 €
Paquetes de revistas adquiridos consorciadamente	1.285.000,00 €
	1.912.855,48 €

Con respecto a cantidade gastada en 2012 (1.880.097,22 €) hai un lixeiro incremento do 1,7 %.

Na seguinte táboa podemos ver o gasto total en monografías (correspondente ao orzamento global) desagregado por centros nos anos 2012 e 2013 :

Centro	Gasto total 2012	Gasto total 2013
Bioloxía	8.325,53	8.475,14
CA-Dereito	17.176,39	18.342,80
CA-Políticas	13.389,95	12.031,82
CA-Relación Laborais	3.207,46	3.203,72
CC Comunicación	9.525,33	10.625,24
CC. Educación	16.964,56	15.278,49
Económicas	18.041,22	15.645,19
Enfermaría	4.092,75	4.023,66
ETSE	6.702,67	6.681,88
Farmacia	9.369,56	10.878,80
Filoloxía	21.796,40	24.401,85
Filosofía	11.160,50	10.941,80

Centro	Gasto total 2012	Gasto total 2013
Física	5.414,12	5.875,08
Química	6.726,32	6.439,40
Formac. Profesorado	4.283,99	4.942,06
Lugo-Ciencias	5.524,34	4.461,02
Lugo-Empresa	7.432,96	8.322,47
Lugo-EPS	9.167,93	9.842,41
Lugo-Humanidades	9.029,95	8.629,28
Lugo-Veterinaria	7.204,37	8.714,94
Matemáticas	6.852,68	7.915,49
Medicina	16.593,51	14.390,24
Óptica	2.850,19	2.835,04
Psicoloxía	12.676,97	12.312,31
X ^a e H ^a	15.974,72	18.205,02
Biblioteca Xeral ¹	41.746,95	57.336,28

O crédito ordinario de adquisicións bibliográficas nos centros incrementouse con diversas achegas recollidas na seguinte táboa:

Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos	
Aportacións de Centros	25.922,28 €
Aportacións de Departamentos e Proxectos	164.409,07 €
Outros Ingresos (rappel, achegas asociacións)	6.267,45 €
Total	196.598,80 €

Existe un descenso global do 2.38 % nas aportacións adicionais con respecto ao ano anterior (201.383,95 € en 2012). Nas achegas provenientes dos centros rexistrase o dato positivo, un incremento do 56% (16.565 € en 2012). No caso dos departamentos e proxectos o descenso é inferior ao 6% % (174.651,85 € en 2012). E nas achegas doutro tipo o descenso é dun 38 % (10.167,10 € en 2012).

As achegas más salientables por parte dos centros, departamentos e proxectos corresponden ás Facultades de Filoloxía, Dereito e Xeografía e Historia, que alcanzan praticamente o 90% do total aportado.

	Centros	Deptos., Proxec.
Dereito	4.975,52 €	76.483,84 €
Filoloxía	13.171,64 €	52.331,52 €
Xeografía e Historia	2.763,00 €	20.567,66 €
Total	20.910,16 €	149.383,02 €

Tendo en conta as achegas adicionais ás cantidades inicialmente presupostadas, na BUSC destináronse ás adquisicións bibliográficas 2.389.163,38 €, dos que 448.944,02 € corresponden a monografías e 1.940.219,36 € a publicacións periódicas


Nos anexos pódense consultar os datos detallados deste e doutros subapartados relativos á execución dos orzamentos.

¹ Inclue os custos das obras de referencia de interese común en soporte electrónico (Oxford Reference Online, Harrison, Zentralblath...)



EQUIPAMENTO E MANTEMENTO

No seguinte gráfico amósase a evolución do presupuesto dedicado a gastos correntes (aplicación 220) e a adquisición de material inventariable (aplicación 626):



Ás cantidades inicialmente previstas (aplic. 220, 84.000 €; aplic. 626, 19.000€) sumáronse ingresos por valor de 31.804,29 € procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario e de achegas dos centros (descenso do 18 % con respecto ao ano anterior). No seguinte cadro vemos desglosadas as achegas:

Aportacións en equipamento e mantemento	
Aportacións Departamentos e Proxectos	- €
Aportacións de Centros	10.190,49 €
Ingresos por servizos	21.613,80 €
TOTAL	31.804,29 €

Persoal

DATOS XERAIS

A 31 de decembro de 2013 a BUSC contaba co seguinte persoal:

Persoal da BUSC - Ano 2013	
Escala de Facultativos de Bibliotecas	17
Escala de Axudantes de Bibliotecas	52
Auxiliares de Biblioteca (Func.C) / Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	110
Auxiliares Administrativos	6
Persoal especializado	-
Área conserxaría	7
TOTAL	192

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2013 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.B/A.T.B	Sáb/Dom/nocturna	Área Conserx.	Persoal espec.	TOTAL
BUSC	6			2				8
B. Xeral	2	15	5	13	3	3		41
Biología	1	1		4				6
Económicas		3		6	4			13
C. Arenal	2	3	1	8	2	2		18
Farmacia		2		4				6
Filología	1	4		6				11
Filos., CC.Ed., Psicol.	1	5		6				12
Física e Óptica		2		5				7

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.B/A.T.B	Sab/Dom/nocturna	Área Conserx.	Personal espec.	TOTAL
Xeografía e Historia	1	4		8				13
Matemáticas	1	1		4				6
Medicina	1	2		5				8
Química		2		4				6
ETSE				3				3
Enfermería				2				2
CC. Comunicación		2		4				6
Intercentros - Lugo	1	5		12	2	2		22
Formación Profesorado		1		3				4
TOTAIS	13	52	6	99	11	7	#	192

A Aula Universia da Biblioteca Intercentros de Lugo contou un ano máis co desempeño de dous bolseiros pertencentes á rede de aulas de informática da USC.

OPOSICIÓN, CONCURSOS, TRASLADOS, XUBILACIONES

14

En xaneiro de 2013 xubilouse dona Asunción Folgar Díaz que desenvolvía o seu traballo como xefa do negociado de administración na Biblioteca Intercentros de Lugo.

En abril de 2013 tomaron posesión como funcionarios de carreira da escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de bibliotecas, subgrupo A2, en virtude das correspondentes probas selectivas polas quendas de promoción interna e acceso libre as seguintes persoas:

Quenda de promoción interna

- Marie Pierre Bouyssou Poincheval,
- María Carmen Cierzo Castaño
- José Rodríguez Dopazo
- María Luisa Iglesias Otero

Quenda de acceso libre

- María Cana Villar
- Yolanda Diéguez Méndez
- Amparo Fernández Núñez
- María Lorena Gómez Méndez
- César Gómez Pérez
- María López Giménez
- Cristal Martínez Pousa
- Isabel Pilar Sempere Serrano
- Francisco Javier Villar Teijeiro



FORMACIÓN

Durante 2013, o persoal da BUSC participou nos seguintes cursos de formación:

a) Organizados pola USC dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia

Cursos específicos para persoal de Bibliotecas

Google como ferramenta colaborativa: a intranet da BUSC

Prevención de riscos en bibliotecas

Sobrevivendo no contexto-e: conceptos informativos básicos para o traballo cotiá na biblioteca

Web semántica e bibliotecas. como contribuír á creación e publicación de datos vinculados na web

Cursos para todo o persoal da USC

A introdución dos informes de impacto de xénero na institución universitaria

Convivencia en contornos multilingües

Comunicación eficiente con correos electrónicos

Coñecendo Ubuntu

Factores psicosociais e prevención do estrés

Iniciación á ferramenta de xestión de contidos para a web da USC

Libre Office Writer

Libre Office CALC

Libre Office Impress

Manexo de equipos e sistemas de videoconferencia

O Traballo en equipo

Obradoiro de liderado feminino no ámbito universitario

Presentacións eficientes

Prevención de riscos laborais en postos de administración

Propiedade intelectual nas universidades

XII Curso de Régimen Jurídico de las Universidades

Soporte vital básico e manexo de desfibriladores

15

b) Organizados por outras entidades:

Búsqueda avanzada más allá de la búsqueda sencilla (Proquest)

Control de autoridades

Dirección y gestión de Bibliotecas, una apuesta por la calidad

Ebrary search, find and use ebooks (Proquest)

Elaboración de Recursos y Contenidos Educativos en Bibliotecas en el entorno de la web 2.0

Gestión de la Información Científica en Abierto

Lion: sesión formativa e novedades

Novedades na Web of Knowledge (versión 5.8 y 5.9)

Refworks en 20 minutos (Refworks)

Sesión de Formación sobre a base de datos PsycINFO



c) Asistencia a congresos, simposios

Xornada Bibliosaúde: 5 anos de actividades. 25 de outubro.

XI Jornadas CRAI: reflexiones sobre la superconvergencia de servicios en el entorno de la educación superior del Reino Unido, 23 y 24 de mayo, Universidad Carlos III de Madrid.

X Simposio O libro e lectura. O futuro da biblioteca no entorno dixital, organizado pola Asociación Galega de Editores, 14 de novembro de 2013

Seminario sobre Tecnologías de la Web Semántica para la publicación de vocabularios SKOS, 2-3 de outubro, Congreso Internacional IBERSID organizado pola Universidad de Zaragoza,

OUTRAS PARTICIPACIÓNES

- Xulio Balado López, da Biblioteca da Facultade de Medicina, foi invitado á *II Xornada sobre bibliotecas especializadas* celebrada o 5 de xuño no Museo Etnolóxico de Ribadavia, presentado a comunicación titulada: *A experiencia da Biblioteca Marioneta: un proxecto de viravolta Títeres*. Participou así mesmo nunha *Mesa de debate*.
- A Directora da Biblioteca Universitaria participou na mesa redonda *Acceso abierto en España: servicios, proyectos, resultados*, celebrada o 25 de outubro na Biblioteca Nacional co gallo da Semana Internacional do Acceso Aberto como representante de REBIUN.
- Igualmente foi invitada pola Asociación Galega de Editores para participar nunha mesa redonda sobre o futuro da biblioteca no entorno dixital, celebrada no marco do *X Simposio sobre o libro e a lectura*.
- Dentro do curso selectivo para os funcionarios do grupo A1, escala técnica superior de administración, a Directora da BUSC impartiu a sesión *Sistemas de información para a dirección e a xestión. A información como recurso para a administración pública*.

Instalacións e equipamento

INSTALACIÓNS

En 2013 levouse acabo a modificación do deposito de revistas da Biblioteca da Facultade de Matemáticas, debido a situación de risco detectada no mesmo. As reformas realizadas eliminan a planta superior e amplían a baixa, procurando o aproveitamento dos andeis para conseguir un maior aforro de espazo.

O día 8 de maio produciuse un incidente na sala de lectura da biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, consistente na caída dun elemento decorativo de madeira, concretamente unha especie de cornixa interior que formaba un pequeno dosel e que estaba apegada e ancorada a un muro, a uns catro metros de altura con respecto ao piso da biblioteca, sobre o lintel da porta de paso que comunica a sala de lectura co corredor que discorre paralelo á mesma. A causa do dito incidente, e diante do perigo que podería supoñer a caída doutros elementos, tomouse a decisión de pechar inmediatamente a sala de lectura ao público para evitar que se puidesen producir danos persoais.

Os fondos custodiados na sala de lectura foron trasladados aos depósitos da Biblioteca de Filosofía e acompañaronse traballo para asegurar os andeis, co obxecto de poder reabrir ao público a sala á maior brevidade posible.

No ultimo trimestre do ano abordouse na Biblioteca Intercentros de Lugo a reorganización de espazos e coleccións, para o cal realizouse un estudio detallado de reubicación da colección de monografías que se ofrecía na sala de CC. básicas e do traslado á planta de acceso da biblioteca da Oficina de Información e Referencia. Os traballo deron comezo no ano 2014.

Igualmente en 2013 se adxudicaron as obras de acondicionamento da Biblioteca de Ciencias da Educación e Psicoloxía no Campus Sur e comenzaron os traballo de traslado provisional dos fondos. A Biblioteca foi abrindo por fases e ao longo de 2014 remataron definitivamente as obras.



EQUIPAMENTO

Cos fondos dedicados a equipamento e os ingresos procedentes de servizos, abordouse coma en anos anteriores á substitución e/ou adquisición de equipos informáticos e mobiliario. Investíronse un total de 40.713,80 € neste capítulo². No cadro seguinte pode verse unha relación do equipamento adquirido desagregado por bibliotecas:

BIBLIOTECA		
Biblioteca Xeral	2	Impresora
	1	Corpos de estanterías
	1	Radiador
Bioloxía	1	Ordenador de sobremesa
Económicas	1	Convector-estufa
	1	Ordenador portátiles
	2	Mesas auxiliares
	2	Carros portalibros
	1	Impresora
Concepción Arenal	1	Ordenador de sobremesa
	1	Disco duro extremo 2 TB
	1	Telar para encuadernación
Física - Óptica	1	Ordenador de sobremesa
Xeografía e Historia	5	Ordenadores de sobremesa
	1	Escaleira de madeira
	2	Cadeiras
Matemáticas	1	Ordenador de sobremesa
ETSE	2	Ordenadores de sobremesa
Intercentros Lugo	2	Ordenadores de sobremesa
	4	Cadeiras

2 Ademáis os centros destinaron 10.190,49 € para a adquisición de equipamento.

Desenvolvemento das coleccións

En 2013 ingresaron na BUSC 21.925 volumes, un 54 % mais que no ano anterior. Destes títulos, 10.273 (en 2012 foron 8.244) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros³. Por intercambio ingresaron 1.084 títulos (a mesma cantidade que o ano anterior) e por doazón un total de 10.568 (mais do dobre que en 2012).

Como sucedeu en 2012 o dato mais salientable prodúcese pola vía da doazón, cun incremento certamente importante das achegas. No *Anexo estatístico* poden verse as cifras para cada biblioteca.


DISTRIBUCION DAS OBRAS INGRESADAS

A distribución das monografías ingresadas por biblioteca poden verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	MONOGRAFÍAS 2013			
	Compra	Doazón	Intercambio	TOTAL
B. Xeral	813	3.356	124	4.293
Bioloxía	124	71	32	227
Económicas	504	143	52	699
C.Arenal	1.897	1.957	108	3.962
Farmacía	156	311	5	472
Filoloxía	1.503	1.286	208	2.997
Cc.Educ. Psicol	1.001	321	75	1.397
Física Optica	153	72	7	232
Xeografía e Historia	1.139	564	288	1.991
Matemáticas	247	50	7	304
Medicina	285	1.431	59	1.775
Química	108	15	3	126
ETSE	148	119	5	272
Intercentros	1.040	391	57	1.488
CC. Comunicación	425	132	9	566
Filosofía	398	157	45	600
Observatorio	-	-	-	-
Formación Profesorado	226	111	-	337
Enfermería	106	81	-	187
TOTAIS	10.273	10.568	1.084	21.925

³ Estas achegas poden verse nas táboas do apartado "Presupuesto" no *Anexo estatístico*

No seguinte gráfico pódese apreciar as variacións no número de monografías ingresadas nos dous últimos anos:



No que atinxé á colección de publicacións periódicas, a finais de 2013 a BUSC tiña un total de 39.765 publicacións periódicas, das que 36.710 están pechadas e 3.055 en curso de recepción. Hai descensos en case que todas as modalidades de adquisición, pero as mais salientables danse no apartado de compras debido a diminución do orzamento de publicacións começado en 2011. Na táboa e gráfico seguintes ofrecemos os datos desagregados por biblioteca.


20

CENTRO	PUBLICACIÓNES PERIÓDICAS 2013					
	Pechadas	Abertas			Total Abertas	Abertas Pechadas
		Títulos pechados	Compra	Doazón		
B. Xeral	14.117	35	238	84	357	14.474
Bioloxía	937	9	54	122	185	1.122
Económicas	2.772	101	140	61	302	3.074
C.Arenal	3.888	187	98	92	377	4.265
Farmacia	1.429	15	61	41	117	1.546
Filoloxía	2.051	136	121	168	425	2.476
Cc.Educ. Psicol	1.579	20	62	43	125	1.704
Física Optica	417	32	7	3	42	459
Xeografía e Historia	2.352	133	74	221	428	2.780
Matemáticas	510	39	11	3	53	563
Medicina	2.433	6	62	-	68	2.501
Química	647	7	6	3	16	663
ETSE	218	5	9	1	15	233
Intercentros	1.441	84	134	23	241	1.682
CC. Comunicación	722	7	76	4	87	809
Formación Profesorado	242	34	52	4	90	332
Enfermería	116	3	16	-	19	135
Filosofía	497	27	8	85	120	617
Observatorio	342	6	16	-	22	364
TOTAIS	36.710	886	1.245	958	3.089	39.799





Coleccións de publicacións periódicas 2013




INCORPORACIÓNS DESTACADAS

Dentro das incorporacións ao Fondo Galicia compre destacar o manuscrito de Valle-Inclán *Mi bisabuelo*, que foi depositado por don Jorge Devoto Valle-Inclán na Biblioteca Xeral. Esta achega súmase ao depósito xa feito pola familia Valle Inclán -Alsina dos manuscritos do escritor.

Igualmente en 2013 destacamos varios de títulos da editorial Botella al mar, de Bos Aires, con cubertas e debuxos de Luis Seoane:

- *Farfaria (el mundo de un hombre)*, de Mario Míguez, 1952.
- *Poemas para la hora grave*, de Eduardo A. Azcuy, 1952.
- *Paginas de Miself*, de Jacobo Feldman, 1953
- *En amor por el tiempo*, el tiempo, de Mario Porro, 1956.
- *Casi sin querer*, de Julio Fernando Poggi, 1972.





Botella al mar estivo dirixida por Arturo Cuadrado e Luis Seoane, pero non é o único exemplo do labor editorial de Luis Seoane na Arxentina, como se pode deducir doutros exemplares adquiridos en 2013 que contan coa súa impronta gráfica:

- *El viento en la bandera*, de Cayetano Córdovala Iturburu, Editorial Nova, 1945.
- *Cosas de Buenos Aires*, de José Tcherkasli. Falbo Librero-Editor, 1965.

Outras incorporacións destacadas ao fondo Galicia son as seguintes:

- *Dotrina moral de las Epistolas que Luzio Aeneo Seneca escriuio a Luzilo : repartida en setenta capítulos ... [traducido] por Juan Melio de Sande*. Madrid, Alonso Martín, 1612. Melio, rexedor da cidade da Coruña entre os anos 1615 e 1625, readaptou unha tradución anónima do século XV das epístolas morais de Séneca
- *El hombre interior en la agonía y últimos momentos de la vida: ensayos del alma para el viaje de la vida eterna*, de Vicente del Seixo, ilustrado galego que escribe sobre temas agrícolas e relixiosos. Foi publicada en Madrid en 1790. Por don Gerónimo Ortega e Hijos de Ibarra.
- *Terr'a Nosa : juguete cómico, bilingüe (galego-español) e Fogar bendito juguete cómico trilingüe (español-catalán-galego)*, ámbalas dúas obras de Rogelio Rodríguez Díaz. A segunda está dedicada ao Centro Galego de Bos Aires, onde se estrenou no ano 1923. A edición é de 1933.
- *Héroes de Galicia y de España : a la memoria de Antonio Seoane, José Gómez Gayoso y todos los caídos en la lucha por la democracia y la República en Galicia y en toda España*. Foi editado por sociedades e membros da colectividade galega en Bos Aires en 1949 e a ilustración da cuberta é de Castelao.
- *Perfil histórico de Faro de Vigo*, manuscrito mecanografiado, datado en 1964 e que formou parte da biblioteca de Ramón Fernández Pousa. Deste autor, e tamén como mecanoscrito mecanografiado, ingresou na colección Galicia *Filología latina, concepto, método, fuentes, programa y lista de trabajos*, data do en torno a 1961.



Adquiriuuse ademais o número 11 da revista *Fantasía, seminario de la invención literaria* publicado en maio de 1945. Este número conten a primeira edición da obra: *El caballero, la muerte y el diablo y otras dos o tres historias* de Álvaro Cunqueiro.



COLECCIÓN CONSORCIADA


No seguinte cadro ofrécese un resumo da colección consorciada á que tivo acceso a USC durante 2013:

RESUMO DE RECURSOS CONSORCIADOS USC 2013		
BASES DE DATOS	PUBLICACIONES PERIÓDICAS	Nº títulos
LISTA (acceso con outros recursos)	-Paquetes de Revistas	
SciFinder Scholar (Contratada)	ACS	70
Mathscinet (Contratada)	Cambridge	323
Aranzadi (Contratada)	Cell	11
Ulrichs (Contratada)	IEEE Journals	422
Business Source Premier (BSP) (Contratada)	JSTOR	595
CINAHL (Contratada)	Nature	1
Eric (acceso con otros recursos)	Science	1
GreenFILE (acceso con otros recursos)	Science Direct	932
Regional Business News (acceso con otros recursos)	Springer	129
SportDiscus FT (Contratada)	Wiley	1393
Teacher Reference Center (acceso con otros recursos)		
TSD: The Serials Directory (acceso con otros recursos)	Revistas en Paquetes - Subtotal de títulos	2.853
Asfa (Contratada)		
Lion (Contratada)	-BBDD a texto completo	
Liiba (Contratada)	Busines Source Premier - BSP (FT)	12.994
Psycinfo (Contratada)	CINAHL(Rev)	71
Oceanic Abstracts (acceso con otros recursos)	Greenfile FT (Rev)	15
PILOTS Database (acceso con otros recursos)	Lion (Rev)	386
CSIC (Contratada)	Regional Business News (Rev)	102
Sabi (Contratada)	SportDiscus FT (Rev)	680
Tirant online (Contratada)		
Dissertations & Theses (Contratada)	Revistas en BBDD a texto completo - Subtotal de títulos	14.248
AENORMás (contratada)		
MEDLINE (gratis)	Revistas (Paquetes e BBDD) - Total de Títulos	19.021
Bases de Datos contratadas - Subtotal de número	16	
Bases de Datos con otros recursos ou acceso a través da plataforma do editor - Subtotal de número	8	MONOGRAFÍAS
Bases de Datos gratuitas - Subtotal de número	1	IEEE Conferences And Proceedings
Bases de Datos - Total	25	IEEE Standards
		Ebooks on Ebscohost
		Monografías - Total de títulos
		20.275

Base de datos bibliográfica e procesos


A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra, doazón ou intercambio. Nos gráficos seguintes pode verse a distribución de rexistros bibliográficos, de exemplar e catalogacións analíticas do catálogo da BUSC, para monografías e revistas.

Catálogo completo




25

Catálogo Galicia




Catálogo Xeral




Do total de descripcións bibliográficas (1.154.701), 40.409 pertencen á Biblioteca América e 54.162 ao fondo histórico, coa seguinte distribución atendendo ao tipo de rexistro:

Biblioteca América



26

Fondo histórico



PROCESOS

Na BUSC continuaron desenvolvéndose os traballos habituais de introdución nos rexistros de autoridade de tema no sistema integrado de xestión bibliotecaria Millennium dos termos equivalentes en galego, coa finalidade de poder ofrecer aos usuarios a mesma busca no índice de tema en galego ou en castelán.

Co obxectivo de coordinar e homoxeneizar o traballo desenvolvido en catalogación, continúase a introducir información no Manual de Procedemento en Catalogación.


A BUSC participa no Catálogo Colectivo de REBIUN que permite consultar en Internet os fondos de 74 bibliotecas universitarias e de investigación españolas. Actualízase 6 veces ao ano co envío dos rexistros de monografías, publicacións seriadas e catalogación analítica de monografías e seriadas en formato MARC. Na última entrega do ano 2013, a BUSC enviou un total de 1.154.701 rexistros bibliográficos



ACCESO A RECURSOS ELECTRÓNICOS

BASES DE DATOS

Durante 2013 a BUSC tivo acceso a 39 bases de datos en rede, das que 25 pertencen á colección consorciada. As estatísticas de uso das bases consorciadas ofrecémolas diferenciadas atendendo aos datos proporcionados por Galicia, posto que unhas bases de datos presentan datos de uso baseados en estatísticas Counter e outras non.




Escasas variacións, con tendencia á baixa en todas as bases, agás nas do CSIC e Ulrichs.

No ano 2013 a BUSC contratou *La Ley digital online* que tivo un total de 3975 consultas (estatísticas non Counter).

Polo que atinxe ás estatísticas de uso de bases de datos que proporcionan datos baseados no estándar Counter, estes son os resultados comparados dos anos 2012 e 2013

Bases de datos	Datos 2012	Datos 2013
The serials directory	374	1.191
Teacher reference center	376	1.409
Cinahl	575	5.157
Greenfile	548	1.355
Lista	525	1.297
Regional business news	559	1.291
Sport discus full text	770	2.059
Lion	1.501	311
PQ dissertation and theses	3.119	8.145
PILOTS Database	2.052	7.304
Oceanic Abstracs	4.468	8.028
LLBA	2.718	7.469
Eric	5.396	11.450
Asfa	4.485	8.024
BSP	7.650	5.485
Psycinfo	16.478	25.330
TOTAL CONSULTAS	51.594	95.305





31


Neste caso os datos soben dun xeito significativo, como sucede con Psyinfo ASFA, Dissertation and Theses, Eric, Cinalh, Pilots e OceanicAbstracts, que xa amosaban esta tendencia no ano anterior (aínda que de maneira mais modesta).

No total do uso no Sistema Universitario Galego, a USC segue a ser quen máis emprega en datos absolutos as bases de datos, seguida da Universidade de Vigo, repetindo o escenario de anos anteriores.

Universidade	Total consultas	Porcentaxe
Coruña	233.024	26,00%
Santiago	344.412	39,00%
Vigo	315.620	35,00%
Total	893.056	100,00%



No gráfico seguinte están recollidos os datos de uso da **Web of Knowledge (WoK)**, desagregados nos diferentes produtos que a integran. Pode apreciarse un ligeiro descenso no uso do JCR e da Web of Science&Proceedings, que rompe a tendencia ascendente de anos anteriores.



Neste caso a USC claramente é quen mais emprega estes recursos, pois concentra case a metade das consultas anuais:

32


Universidade	Total consultas	Porcentaxe
Coruña	76.098	25,00%
Santiago	144.993	47,50%
Vigo	83.914	27,50%
Total	305.005	100,00%

DIALNET

As estatísticas do ano 2013 da base de datos DIALNET para a BUSC resúmense na seguinte táboa, na que se ofrecen os datos do ano anterior:

ESTATÍSTICAS DIALNET 2012	2012	2013
Nº de sesións realizadas polos usuarios	49.863	61.930
Nº de accesos realizados polos usuarios	171.330	205.680
Nº de buscas de documentos realizadas polos usuarios	29.344	31.255
Nº de usuarios rexistrados a 31/12/2013	1605	2022
Nº de subscricións de revistas usuarios USC 31/12/2013	8.093	8.380
Nº de títulos de revistas baleiradas por persoal da BUSC	72	72
Nº de documentos creados pola BUSC	2.825	2.965
Nº de alertas de revistas xeradas para a BUSC	6.226	6.826
Nº de alertas xeradas polas revistas que baleira a BUSC	20.750	20.252
Nº acumulado subscrípcións revistas baleiradas pola BUSC	Sen datos	26.227

Un ano máis constátase un aumento de usuarios e accesos a esta base de datos, na que a BUSC contribúe co baleirado de 72 revistas, en 68 delas faiuse ademais un baleirado retrospectivo.



En 2013 como novedade presentouse DIALNET PLUS que dispón dunha páxina personalizada para as institucións colaboradoras, favorecendo así a visibilidade e accesibilidade aos contidos desas institucións. A dirección da páxina personalizada para a Universidade de Santiago de Compostela é: <http://dialnet.unirioja.es/institucion/usc>

Nela agrúpase nun único lugar toda a producción científica da USC que foi incorporada a Dialnet. Así se nos mostran:

- O buscador de autor co directorio dos autores da Universidade e as súas obras e coa posibilidade de filtrar por campos de coñecemento ou Departamentos
- As últimas novedades das súas publicacións
- As obras editadas polo Servizo de Publicacións da USC
- As lecturas teses doutorais
- Datos estatísticos da nosa participación en Dialnet

33

A nova versión tamén inclúe pequenos cambios en canto ao deseño da web.


LIBROS ELECTRÓNICOS

No que atinxe a monografías electrónicas consorciadas este é o resumo:

MONOGRAFÍAS	Nº Títulos
IEEE Standards	3.805
IEEE Conferences & Proceedings	13.913
Ebooks on EbscoHost	968
TOTAL	18.686



A continuación desglosase o seu uso na USC no ano 2013, que apenas reflicte variacións con respecto ao ano anterior:




REVISTAS ELECTRÓNICAS

A BUSC tivo acceso durante 2013 a 19.018 títulos. Inclúense nesta cifra as revistas da BUSC (893 títulos) que non aparecen en ningún dos paquetes accesibles a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e as incluídas nas bases de datos a texto completo ***Business Source Premier*** (BSP), ***JSTOR***, ***SportDiscus Full Text***, ***Lion***, ***Greenfile*** e ***CINAHL***.


34

Revistas electrónicas a texto completo 2003-2013




As estatísticas amosan que se fixeron un total de 555.977 descargas, que se reparten do seguinte xeito: 480.546 descargas de artigos a texto completo nas revistas do Consorcio e 75.431 descargas nas revistas da BUSC. No gráfico seguinte amósase a evolución das descargas de artigos a texto completo durante os últimos anos.

Descargas de artigos a texto completo 2004-2013




Nos gráficos seguintes poden verse os datos totais e as porcentaxes correspondentes a cada editor.

Descarga de artigos a texto completo 2012-2013



Descargas de artigos a texto completo 2012 Porcentaxes



Un ano máis é ScienceDirect o paquete que concentra case a metade das descargas. O segundo paquete en porcentaxe é Wiley. O conxunto de revistas contratadas pola BUSC amosa un ascenso no seu uso. O resto dos paquetes mantéñense nas cifras do ano anterior.

Polo que atinxe ao uso global no SUG, de novo a USC encabeza o número de descargas, acadando case o 50% das mesmas:

36

Universidade	Descargas	Porcentaxe
Coruña	158.616	16,32%
Santiago	480.546	49,40%
Vigo	332.664	34,28%
Total	971.826	100,00%

Nos anexos ofrécese unha relación dos títulos das revistas más utilizadas en 2013.

REFWORKS

Dende o ano 2007 todos os membros da comunidade universitaria teñen ao seu dispor o xestor de citas bibliográficas RefWorks, adquirido a través do Consorcio Bugalicia. Grazas a esa ferramenta o usuario pode:

- Crear unha base de datos persoal para almacenar referencias importadas doutras bases de datos (ScienceDirect, ProQuest, Google Scholar...) ou engadilas manualmente.
- Clasificar as referencias almacenadas creando carpetas temáticas, por asignatura, proxecto, etc.
- Dar ás citas almacenadas o formato bibliográfico desexado (MLA, Vancouver, Chicago, APA, personalizado...) e exportalas a un documento de texto.

A finais de 2013 RefWorks contaba con 3.965 usuarios rexistrados e cun total de 459.893 referencias bibliográficas.



NOVO CATÁLOGO DA BUSC

Nove anos despois da primeira versión (22 de abril de 2004) do catálogo en web da Biblioteca Universitaria, en 2013 presentouse unha nova con bastantes melloras respecto daquela.

Estas son as principais novedades:

- Ofértase en inglés, galego e castelán
- Poden verse as portadas dos libros (a través do ISBN e sempre que aparezan en Google Books)
- Se as portadas dos libros aparecen como se fosen a abrirse quere dicir que todo ou parte do libro pode consultarse en Google Books. Só hai que picar na imaxe.
- Pódense facer listas propias de libros que nos interesen (As miñas listaxes)
- Pódense facer valoracións de calquera obra
- Pódense compartir as obras nas redes sociais
- Aparece o código QR de cada obra
- Novidades no catálogo: ademais das de sempre, agora aparecen os boletíns de novedades das bibliotecas que o están a facer en Pinterest.

The screenshot shows the homepage of the BUSC Catalogo Iacobus. At the top, there's a search bar with fields for 'Palabra clave' and 'Toda a colección', and a QR code. Below the search bar are two boxes: 'Buscar en:' containing links like 'Catálogos completos', 'Catálogos Galicia', and 'Fondo Histórico'; and 'Buscar por:' containing links like 'Título', 'Autor', and 'Tema en castellano'. At the bottom, there's a footer with links to 'Biblioteca Universitaria', 'Collección de Fonsa', 'Número de teléfono', 'Email', and 'Gaceta'.

37

MINERVA REPOSITORIO DA USC

Durante 2013 continuou alimentando Minerva, o Repositorio institucional da USC. Nel estaban aloxadas a 31 de decembro de 2013 8.879, correspondentes a obras d fondo histórico da BUSC (dixitalizadas grazas ás subvencións do Ministerio de Cultura concedidas en 2007, 2009, 2010 e 2011) e parte das revistas do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.

O repositorio MINERVA está accesible dende a páxina web da BUSC e tivo en 2013 43.821 visitas e 34.326 descargas de documentos.

FORMACIÓN DE USUARIOS

Os datos relativos ao programa de formación de usuarios poden verse no seguinte cadro:

BIBLIOTECA	Cursos forma- cion reglada	asistentes	Cursos forma- cion non reglada	Asistentes
B. Xeral	-	-	-	-
Biología	2	195	3	12
Económicas	2	51	2	380
C.Arenal	-	-	13	510
Farmacia	1	136	3	19
Filología	3	46	5	150
Cc. Educ. Psicol	5	164	17	395
Física Optica	-	-	3	44
Xeografía e Historia- Filosofía	4	196	3	48
Matemáticas	-	-	-	-
Medicina	2	92	1	20
Química	1	114	1	30
ETSE	2	55	-	-
Intercentros	10	393	32	297
CC. Comunicación	-	-	1	40
Formación Profesorado	2	162	-	-
Enfermería	4	291	-	-
TOTAL	38	1.895	84	1945

Tal e como se podía apreciar na Memoria de 2012, continua o impacto da formación regrada. No curso 2012/2013 chegamos a 38 graos e 1.895 alumnos grazas ao curso básico en competencias, impartido de xeito virtual co obxectivo de que o alumnado de primeiro de grao adquira autonomía para localizar, seleccionar, usar e comunicar información, mediante habilidades e competencias básicas na busca e xestión da información. Estes cursos impártense a través da Aula CESGA o que permite que o usuario siga o curso ao seu propio ritmo desde calquera ordenador conectado a Internet (e para realizarlo se necesitan entre 6 e 10 horas aproximadamente). Aos alumnos que o superen se lles expide un **certificado de aptitude**.

Ademais deste curso tamén se imparten outros, nomeadamente como formación non regrada. Así nas Bibliotecas Intercentros de Psicoloxía e Ciencias da Educación, Concepción Arenal, Filoloxía e Intercentros de Lugo impartíronse cursos introductorios para novos alumnos sobre a BUSC, a súa páxina web e o catálogo e cursos especializados para alumnos de grao e enfocados á presentación e uso de recursos informativos de interese no seu campo de estudio e investigación.

PRÉSTAMO A DOMICILIO

En 2013 houbo un total de 365.744 préstamos no conxunto da BUSC o que supón un lixeiro incremento respecto a 2012 (362.648 préstamos). Na seguinte táboa aparecen os datos desglosados por bibliotecas nos últimos dez anos.

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
B.Xeral	35.706	31.971	31.650	29.813	30.159	33.613	30.779	41.189	38.055	37.610
Bioloxía	15.852	15.158	15.006	14.909	10.960	10.258	11.244	11.778	10.858	11.445
Económicas	21.822	21.178	20.744	18.296	15.597	17.757	18.329	17.668	17.462	16.805
Der., Pol., R. Lab.	33.544	34.972	37.270	35.727	39.467	40.659	44.515	45.468	44.915	48.279
Farmacia	8.369	8.056	9.271	9.698	9.730	8.641	9.291	8.724	7.303	7.495
Filoloxía	43.096	38.898	38.905	37.781	41.076	51.017	51.143	50.662	51.665	53.117
CC. Ed., Psi.	51.576	48.401	47.939	50.165	51.224	52.242	54.150	61.244	42.965	43.135
Física e Óptica	13.327	11.412	10.561	10.089	9.202	8.034	7.885	7.329	7.538	6.748
Xeografía e H ^a	33.975	31.935	34.697	33.028	31.835	38.995	14.088	39.933	39.749	39.342
Matemáticas	11.089	11.013	10.483	9.121	9.067	8.915	10.204	9.129	9.499	9.919
Medicina	17.308	16.520	17.332	16.360	15.145	13.764	15.608	14.624	14.652	13.314
Química	14.599	7.654	7.269	6.003	5.140	4.761	3.847	5.062	4.588	4.549
ETSE		5.346	5.408	5.045	4.605	5.184	5.196	5.561	6.417	7.206
Xornalismo	18.346	14.139	11.537	12.818	12.028	11.597	12.728	14.179	13.308	10.953
Enfermería	4.527	4.347	4.460	4.609	4.623	4.921	6.079	5.908	5.853	5.427
Filosofía	442								12.685	12.826
Intercentros Lugo	52.700	45.177	41.779	36.215	31.682	29.773	29.983	29.461	27.329	29.374
Maxisterio Lugo	10.018	8.697	8.102	7.593	7.947	7.016	8.352	8.179	7.807	8.200
	386.296	354.874	352.413	337.270	329.487	347.147	333.421	376.098	362.648	365.744

En xeral, non hai cambios significativos con respecto aos últimos anos.

PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO E FOTODOCUMENTACIÓN

Ao longo do ano, no Servizo de Préstamo Interbibliotecario e Fotodocumentación realizáronse 5.648 transacções de solicitudes de documentos, un 7% menos que o ano anterior. Se as desglosamos observamos que o número de solicitudes feitas por usuarios da BUSC a outras bibliotecas continúa a descender nun 10 % respecto a 2012 (1.644 solicitudes fronte ás 1.830 do ano anterior) e a demanda de documentos das coleccións da BUSC por outras bibliotecas, maioritariamente bibliotecas pertencentes a REBIUN, diminuíu nunha porcentaxe inferior ao ano anterior (5% menos en 2013 fronte a 14,55% menos en 2012). Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2013:

Documentos obtidos de centros externos	Copias	Préstamos	Total
Solicitudes recibidas	1.366	278	1.644
Solicitudes positivas	-	-	1.249
Solicitudes a Bibliotecas REBIUN	-	-	1.193
Solicitudes a Bibliotecas NON-REBIUN	-	-	168
Solicitudes a Bibliotecas estranxeiras	-	-	283
Porcentaxe de copias recibidas en menos de 6 días	-	-	90,25%

Documentos servidos a centros externos	Copias	Préstamos	Total
Documentos solicitados	3.094	910	4.004
Solicitudes positivas	-	-	3.464
Solicitudes a Bibliotecas REBIUN	-	-	3.321
Solicitudes a Bibliotecas NON-REBIUN	-	-	596
Solicitudes a Bibliotecas estranxeiras	-	-	87

As solicitudes canceladas non se tramitaron por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se pedisen ao estranxeiro, ou ben se tramitaron e posteriormente se cancelaron por ser os datos de referencia erróneos ou incompletos. Os documentos que non se subministraron corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.

PÁXINA WEB DA BUSC

Durante 2013 houbo un total de 414.858 visitas á páxina web, o que se traduciu en 1.098.696 páxinas vistas. Non hai cambios con respecto á procedencia dos accesos. O 98% dos mesmos proveñen de España. En orden decrecente sitúanse os accesos dende Portugal, Reino Unido, Francia, Estados Unidos, Italia, Alemaña e Arxentina.

REDES SOCIAIS

Tras a constitución en 2012 dun grupo de traballo, para desenvolver unha estratexia 2.0 común ao conxunto da Biblioteca Universitaria, podemos ofrecer en 2013 as primeiras estatísticas das diferentes ferramentas implementadas: blogs, Facebook, Twitter, Issuu, Pinterest e Youtube. Poden consultarse no anexo estatístico.

A presenza da BUSC nas redes sociais e plataformas 2.0 a 31 de decembro de 2013 era a seguinte:

Facebook:

- Biblioteca Xeral/Universitaria. 788 seguidores, +272 respecto a 2012.
- Biblioteca Concepción Arenal. 2201 seguidores, +621 respecto a 2012.
- Biblioteca Intercentros de Lugo. 1040 seguidores, +280 respecto a 2012.
- Biblioteca Ciencias da Comunicación. 265 seguidores. +142 respecto a 2012

Incorporáronse ao longo de 2013:

- Biblioteca Medicina e Odontoloxía. 178 seguidores.
- Biblioteca de Químicas. 196 seguidores.
- Biblioteca da ETSE. 302 seguidores.

Twitter:

- Biblioteca Xeral / Universitaria. 517 seguidores, +212 respecto a 2012.



Blogs:



Fonseca – 4.655 visitas. 37 post



Fonte Limpa – 4.897 visitas. 73 post



Suma-Te, Blog da Facultade de Matemáticas. 3.199 visitas. 39 post.



Issuu:

- Biblioteca Xeral / Universitaria
- Biblioteca Concepción Arenal
- Biblioteca Intercentros Lugo



Youtube

- Biblioteca Universitaria (unha única conta para o conxunto da BUSC) . 3.408 reproducións.



Pinterest:

Agás a Biblioteca da Facultade de Físicas e a de Formación do Profesorado en Lugo, todas as bibliotecas da USC contan con taboleiros, especialmente indicados para amosar dun xeito atractivo as novedades bibliográficas.



Redes, cooperación e proxección exterior

CONSORCIO BUGALICIA

Durante 2013 as tres Universidades galegas continuaron a traballar na negociación con diferentes editores para acadar unhas mellores condicións na contratación de recursos electrónicos, ademais de participar en iniciativas de carácter nacional, como a consecución dunha licenza nacional co editor Wiley.

Noutros apartados desta memoria, preséntanse os datos relativos ao uso das bases de datos e paquetes de revistas, así como outros recursos bibliográficos e datos de carácter económico.

REBIUN

A BUSC continuou a participar na Liña 2 Dar soporte á docencia, aprendizaxe, investigación e xestión, correspondente ao III Plan estratéxico (http://www.rebiun.org/doc/PE_REBIUN_2020.pdf, xunto coas bibliotecas universitarias Pública de Navarra, Carlos III de Madrid, Pompeu Fabra, Alicante, La Rioja, Católica de Valencia, Sevilla, La Laguna, Murcia, Mondragón e Deusto).

Esta liña ten como obxectivos:

1. Integrar de forma progresiva as competencias informáticas e informacionais (CI2) nos diferentes estudos da universidade como estratexia educativa para o desenvolvemento das capacidades válidas para toda a vida
2. Potenciar a biblioteca coma un axente dinamizador da innovación docente da universidade e incrementar o uso dos recursos de información dende as diferentes plataformas educativas virtuais das universidades.
3. Desenvolver e mellorar o modelo de biblioteca universitaria como centro de recursos para a aprendizaxe e a investigación (CRAI) analizando as necesidades de docencia, aprendizaxe e investigación dos usuarios, creando e personalizando novos servizos e espazos bibliotecarios e establecendo marcos de colaboración e integración con outros servizos universitarios.
4. Promover mandatos e políticas institucionais de acceso aberto á producción científica de cada universidade para incrementar a visibilidade e o impacto da universidade.
5. Implementar servizos de información e asesoramento sobre propiedade intelectual e protección de datos para o uso da información no desenvolvemento da docencia, aprendizaxe, investigación e xestión.

Dentro do establecemento de obxectivos operativos correspondeulle a BUSC a coordinación do número 4, que se adicou en 2013 á explotación e análise dos resultados dunha enquisa sobre o acceso aberto nas universidades españolas. No seguinte enlace pódese consultar o artigo publicado sobre o tema polos membros do grupo de traballo na revista Métodos de información: *El acceso abierto en las universidades españolas: estado de la cuestión y propuestas de mejora.* <http://dspace.usc.es/handle/10347/10788>

